



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á paralización definitiva dos dous edificios pendentes de construción na Cidade da Cultura.

Galiza está sufrindo con dureza os efectos da crise económica. Lideramos as cifras de destrución de emprego a nivel de Estado e o Goberno do PP continúa aplicando duros recortes na sanidade, educación, protección social e cultura, así como en todas as medidas de reactivación económica. Recortes que están lastrando as posibilidades de recuperación económica e que incrementan o paro e as desigualdades sociais. Non partillamos desde o BNG estas políticas, reclamando un cambio de modelo económico e de prioridades de gasto. Nesta liña, consideramos que é preciso reconsiderar as prioridades de investimento público, recortando en gastos innecesarios ou improdutivos, mais nunca nos servizos básicos como educación, sanidade, prestacións sociais ou loita contra o desemprego.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego (BNG) consideramos que o Goberno galego debería reconsiderar algúns proxectos, como a Cidade da Cultura. Convén lembrar que foi o BNG a única voz crítica do arco parlamentar coa decisión do Goberno, presidido a aquela altura por D. Manuel Fraga, de iniciar este complexo. As razóns esgrimidas naquel momento polo nacionalismo vense verificadas unha a unha. Tanto sobre o elevado custe, como a hipoteca que suporía para os recursos destinados á cultura, así como o referido á indefinición sobre usos e proxecto



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2012 11:10
Nº Rexistro: 76133
Data envío: 19/01/2012 11:10:02.706

cultural. O primeiro ano de apertura do Gaiás certifica que a Cidade da Cultura non é un revulsivo turístico e carece dun proxecto que potencie e visibilice a cultura galega. Moi á contra, absorbe unha boa parte dos fondos teoricamente dedicados á cultura e constitúe unha hipoteca para o futuro.

Para o ano 2012, a Fundación da Cidade da Cultura prevé manexar uns orzamentos que superan os 17 millóns de euros; unha cifra similar a todo o que gasta a Xunta de Galiza en atender os arquivos, bibliotecas, museos e equipamentos culturais ou a dotación para a protección e promoción do patrimonio histórico artístico e cultural. De feito, os gastos do Gaiás cuatuplican o que se destina a intervencións no patrimonio cultural (4,1 millóns de euros) ou multiplican por once a cifra destinada a adquirir novidades para as bibliotecas públicas galegas (1,5 millóns de euros). Estas cifras ilustran a desproporción de fondos e a grave situación que se albisca para o futuro, máxime cando neste ano vai producirse a apertura de dous novos edificios. Para maior despropósito, case tres anos despois da chegada do PP á Xunta de Galiza, aínda non se coñece a existencia dun proxecto cultural, nin plan de viabilidade económico-financeiro. A única decisión adoptada neste ámbito é a paralización temporal dos dous edificios ate o 2014. Unha paralización que inicialmente se dixera en sede parlamentar que non tiña ningún custe, mais que logo se recoñeceu que supoñía un desembolso próximo ao medio millón de euros.

Desde o BNG cremos que hai que abordar con rigor, responsabilidade e seriedade o futuro destes edificios. A Xunta, coa paralización temporal, o único que fai é alonxar no tempo a adopción de decisións sobre o complexo a medio construír no monte Gaiás. Estamos falando de dous edificios cun custe moi elevado, o denominando inicialmente edificio das Novas Tecnoloxías 29,6 millóns de euros, e o Teatro da



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Música supera os 82,5 millóns de euros. A estas cantidades habería que sumar os equipamentos destes edificios, que segundo algúns informes internos da Fundación superaría amplamente os 40 millóns de euros e os custes do mantemento e as actividades. É este último aspecto outro elemento que ten moita importancia neste debate: a viabilidade de manter un custe moi elevado de gastos correntes e de funcionamento. Segundo un estudo elaborado no ano 2009 pola Fundación da Cidade da Cultura, cos seis edificios abertos, só os gastos correntes absorberían uns 11 millóns de euros.

A paralización temporal das obras é unha fuxida para evitar dar o debate de fondo. Nun momento de crise como o actual non resulta serio nin viábel continuar alimentando un proxecto que a todas luces fracasou e lastra os fondos públicos que tanto precisa a cultura galega. Galiza conta cun importante patrimonio cultural e artístico. Moito del está deteriorado e a súa conservación corre perigo. As nosas industriais culturais sofren con crudeza os efectos da crise, e a drástica diminución de apoio público agrava esta situación e pon en risco o seu futuro. As bibliotecas, arquivos e museos, tamén sofren recortes e ven diminuída a súa a actividade e promoción.

Desde o BNG apostamos, nun momento de fondos recortes e crise por eliminar aqueles gastos que sexan improdutivos, como é o caso da Cidade da Cultura. Porén, esta posición consideramos que debe ser obxecto dun amplo de debate social e institucional. A Xunta de Galiza debe transparentar e obxectivizar os custes que terá seguir adiante con este proxecto ou desbotar definitivamente a construción dos dous edificios que aínda están pendentos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2012 11:10
Nº Rexistro: 76133
Data envío: 19/01/2012 11:10:02.706

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.


O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un informe, no prazo de 2 meses, onde consten os seguintes estudos:
 - a. Custe de finalización das obras e equipamentos dos 2 edificios pendentes, así como dos recursos necesarios anualmente para a actividade dos dous edificios pendentes.
 - b. Custes de funcionamento (enerxía eléctrica, gas, auga, limpeza, seguridade, mantemento, persoal) do Complexo do Gaiás unha vez finalizados os seis edificios.
 - c. Custe da paralización definitiva da execución destas obras, detallando as indemnizacións as que teñen dereito os contratos de obras, asistencias e subministracións vixentes na actualidade. Así como avaliar a posibilidade de chegar a acordos coas empresas para diminuír impacto orzamentario desta decisión.

2. Unha vez elaborado este informe será remitido ao Parlamento de Galiza coa finalidade de abrir un debate na cámara a respecto da paralización definitiva dos dous edificios pendentes de construción na Cidade da Cultura.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2012 11:10
Nº Rexistro: 76133
Data envío: 19/01/2012 11:10:02.706

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 19/01/2012 11:04:26